



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 26-06-2020.

Expte: 2020/G010/000008

Na vila de Vimianzo, ás nove horas e tintra e cinco minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil vinte, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros de xeito presencial:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa- presidenta. (PSdeG-PSOE).

Concelleiros/as:

D. Victor Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)
Dna. M^a. José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)
D. Miguel A. Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)
D^a. Marta Rey Lema. (A.V)
D^a. María Jesús Barbeira Pose. (A.V)
D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V)
D. Francisco Trillo Pazos. (A.V)
D^a. Raquel Rodríguez Amigo. (PP)
D. Francisco M. Calzas Suárez. (PP).

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.

Interventora Xeral: D.^a Lourdes Castro Pena

ORDE DO DÍA:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións extraordinarias e ordinaria celebradas o 21, 29 de maio e 15 de xuño de 2020.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

3º. Mocións de urxencia:

3.1. Moción presentada por Adiante Vimianzo (RE 202099900000402 do 20-6-2020) en relación coa vía de alta capacidade da Costa da Morte co parque empresarial de Vimianzo

3.2. Moción para asumir para o seu debate e votación, no seu caso, polos grupos políticos municipais co contido presentado pola Plataforma Corredor Xusto (RE 202000000002272, 15-6-2020) en relación co enlace da vía de alta capacidade AC-552.



4º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

1º. Aprobación das actas das sesións extraordinarias e ordinaria celebradas o 21, 29 de maio e 15 de xuño de 2020.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións extraordinarias e ordinaria celebradas o 21, 29 de maio e 15 de xuño de 2020.

B) Sección de control

2º Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 27-05-2020 con número 485/2020 ata o día 22-06-2020 con número 577/2020.

O Pleno do Concello douse por enterado.

3º. Mocións de urxencia

3.1. Moción presentada por Adiante Vimianzo (RE 20209990000402 do 20-6-2020) en relación coa vía de alta capacidade da Costa da Morte co parque empresarial de Vimianzo

D. Manuel Antelo traslada a urxencia evidente de debatir e votar esta moción xa que tal como está o proxecto da Xunta de Galicia, o parque empresarial quedaría separado e non tería sentido desde un punto de vista territorial.

Comenta que hai agravio comparativo con outros concellos que sí que lles fixeron as vías de conexión como Arteixo, San Cibrao das Viñas...e que en todo caso, con independencia de quen sexa a administración territorial encargada da financiación, o primeiro paso e modificar o proxecto e que se vexa que hai unha masa social que presiona nese senso a través dun acordo plenario.

Pásase á votación da inclusión da moción para o seu debate e votación obténdose un resultado favorable unánime dos presentes e por tanto a maioría absoluta dos membros da corporación.

O Secretario xeral dá conta da moción presentada polo grupo municipal de Adiante Vimianzo, na data do 20 de xuño de 2020, con RE 20209990000402, referente á necesidade dun enlace que una a vía de alta capacidade da Costa da Morte co parque empresarial de Vimianzo e a presentación dunha alegación neste sentido ao proxecto que está en información pública e na que propoñen ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

"(...) O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo acorda presentar como alegación ao proxecto de construción Primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC-432, de clave AC/16/219.01, a incorporación no mesmo do enlace entre a Vía de Alta Capacidade e o parque empresarial de Vimianzo."

D. Manuel Antelo reiterase no exposto, dí que estamos ante argumentos obxetivos e que o importante agora e que se recoñeza o enlace co polígono no proxecto e posteriormente se acordará o tema da financiación.



D.^a Raquel Rodríguez manifesta que o enlace ó polígono é fundamental pero haberá que ter reunión coas partes implicadas para dirimir o aspecto financiador.

A Alcaldesa-Presidenta comunica que está ó 100% dacordo, e que por iso se fixeron unhas alegacións que se presentaron en forma e prazo e se tiveron reunións con diferentes asociacións e está pendente unha coa Xunta de Galicia. En todo caso, traslada que non ten problemas en presentar esta alegación aínda que sería extemporánea.

D. Manuel Antelo responde que o seu partido tamén presentou alegacións en tempo e prazo e que o que se trata e de facer presión debendo o pleno presentar algo aínda que sexa fora de prazo e critica que non se convocase un pleno previamente con este punto.

A Alcaldesa-Presidenta dí que os prazos eran dubidosos pola suspensión do COVID 19 e que se fixeron consultas e que en todo prazo se presentaron en prazo e se loitará para que o polígono consiga o enlace de carácter fundamental.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por once votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 5 AV), dúas abstencións do PP e ningún voto en contra, ACORDA:

PRIMEIRO.- Presentar como alegación ao proxecto de construción Primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC-432, de clave AC/16/219.01, a incorporación no mesmo do enlace entre a Vía de Alta Capacidade e o parque empresarial de Vimianzo.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

3.2. Moción para asumir para o seu debate e votación, no seu caso, polos grupos políticos municipais co contido presentado pola Plataforma Corredor Xusto (RE 20200000002272, 15-6-2020) en relación co enlace da vía de alta capacidade AC-552.

O secretaria xeral dá conta da moción presentada pola Plataforma Corredor Xusto formada polas asociacións de todo o Concello de Vimianzo, na data do 15 de xuño de 2020, con RE 20200000002271, que asume o grupo municipal do PSdeG-PSOE para o seu debate e votación no Pleno, en relación co enlace da vía de alta capacidade - AC-552 para demandar ante a Xunta de Galicia o seguinte:

- 1.- Un enlace que comunique a Vía de alta Capacidade – AC-552 a altura do parque empresarial de Vimianzo.
- 2.- Que se financie e se de prioridade o acceso directo dende a Vía de Alta Capacidade – AC-552, a altura do parque empresarial de Vimianzo que ofrezca un enlace alternativo aos vehículos dirección A Coruña-Sur da Costa da Morte (e viceversa), así como cara o propio parque empresarial de Vimianzo."

O Secretario explica a falla de legitimación da plataforma para presentar unha moción a debatir e votar no pleno da corporación, sendo esta unha manifestación do dereito fundamental de participación política representativa que lle corresponde ós grupos políticos polo que deberá asumirse por algún ou tódolos grupos políticos municipais para a súa defensa.

A Alcaldesa-Presidenta explica que desde o PSOE decidiron elevar esta moción para pronunciarse sobre a mesma e que se asume para a súa defensa e votación.

Dna. Raquel Rodríguez confirma que está dacordo co fondo do asunto, outra cousa son as formas xa que cando se mezcla un asunto como este con temas políticos, hai que consensuar. Dí que a consellería sempre estivo



disposta a reunirse e ó non saber a quen lle corresponde a financiación, evitan pronunciarse sen perxuízo de estar de acordo co fondo do asunto e a exposición de motivos.

D. Manuel Antelo destaca que o correcto sería haber cursado a proposta da plataforma ós diferentes grupos políticos para poder valorar nunha Xunta de Portavoces.

A Alcaldesa-Presidenta resalta que no fondo, tódolos grupos están dacordo, pero que é preciso saber de primeira man o compromiso da Xunta de Galicia co parque empresarial debendo ter unha reunión coas administracións implicadas.

Dña. Raquel Rodríguez dí que o grado de compromiso da Xunta de Galicia é evidente e admira irónicamente ó Sr. Antelo cando non foi á inauguración da vía rápida para Vimianzo. Resalta que a Xunta de Portavoces era necesaria pero considera que hai tres posturas diferentes.

D. Manuel Antelo replica que ten clara a súa posición no pleno da corporación e non vai facer oposición ó PP, recorda que a autovía foi adxudicada por un goberno que non era do PP é este fixo unha modificación consistente en cambiar a autovía por un corredor desde Santa Irene, non autovía e por ese motivo non foi á inauguración. En todo caso, é momento de presentar alegacións e a Xunta de Galicia está financiando proxectos similares.

Por último remata a Alcaldesa-Presidenta dicindo que hai que traballar unidos e defender o proxecto do enlace sabendo quen vai financiar o mesmo.

Vótase a inclusión da moción para o seu debate e votación obténdose unanimidade favorable.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por once votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 5 AV), dúas abstencións do PP e ningún voto en contra, ACORDA:

PRIMEIRO.- Demandar da Xunta de Galicia o seguinte:

1. Un enlace que comunique a Vía de alta Capacidade –AC-552 a altura do parque empresarial de Vimianzo.
2. Que se financie e se de prioridade o acceso directo dende a Vía de Alta Capacidade – AC-552, a altura do parque empresarial de Vimianzo que ofrezca un enlace alternativo aos vehículos dirección A Coruña-Sur da Costa da Morte (e viceversa), así como cara o propio parque empresarial de Vimianzo.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

4º. Rogos e preguntas.

D. Manuel Antelo fai un rogo en relación coa periodicidade e horario dos pleno solicitando que se explique a que se debe o cambio de horario.

Rogo en relación sobre os criterios de cambio de ubicación da Feria dos xoves que está dando lugar a múltiples queixas xa que 90 feirantes dos 120 non están dacordo coa ubicación e reclama que se actúe coa legalidade vixente.

Dña. Marta Rey pregunta se se valorou facer actividades culturais tanto para adultos como para nenos de xeito on line e reitera a saber canto costou o Nadal 2019.



A Alcaldesa-Presidenta dí que en relación co custo do Nadal 2019 ten as facturas aquí mesmo e que o expediente está á súa disposición. Ademáis dí que cando queiran ver os expedientes que van a pleno que o soliciten polos medios legais e non polos non legais.

D. Manuel Antelo pregunta que lle diga cal é o método ilegal e que o retire e a Alcaldesa-Presidenta contesta que dixo non legal, non ilegal.

En relación coas actividades culturais on line contesta que todo é mellorable pero que se fixo o que se puido co tempo que se tivo.

En relación co rogo dos horarios do pleno recorda que é porque non se está nunha situación normal e os habilitados do concello deben volver pola tarde se así se fixera e que en todo caso é unha situación provisional que se tratará na Xunta de Portavoces.

En relación coa feira discrepa das queixas trasladadas polo Sr. Antelo xa que se tiveron múltiples reunións e se explicou que a única forma de garantir o 100% dos postos era levalos provisionalmente á nova situación e que foron os primeiros dos municipios que buscaron unha solución alternativa para garantir a celebración da feira. Que hai informes tanto da Policía Local como dos técnicos que así o corroboran e que o que está a facer o Sr. Antelo e crear crispación e non levar a calma que reclama.

Amáis hai unha resolución de Alcaldía xustificando o cambio provisional durante o verán porque hai moita afluencia e non se pode controlar e salvo forza maior tralo período estival volverase ó sitio orixinal.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:55 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 26 de xuño de 2020.

A Alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz